

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 78

ano 13

setembro-outubro 2018

A Segunda República en Ourense (V) **JOSÉ CALVO SOTELO: O SEU PODER EN OURENSE**

“Quienes tenían preparada tan artera y traidera (sic) combinación preparada, y aquí y en Seadur organizaron ataques a la Religión y propieda(d), ahora dicen ser de Derechas: a lo más aunque indignamente que sean de las Derechas de Renovación de Calvo Sotelo, que fué quien al venir la Dictadura, les dio vida política, para cometer toda clase de atropellos durante aquella Dictadura, que nos trajo todo esto”.

Datada do 10 de outubro de 1934, o anterior fragmento pertence á carta enviada por Manuel Uña Lafuente, **párroco de Larouco**, na comarca de Valdeorras, a Carlos **Taboada Tundidor**, deputado ourensán en Cortes (1933-1935) por *Acción Popular*. Na misiva fala dun oportunismo político no lugar e critica os **abusos** acontecidos durante a folga xeral deses primeiros días do mes de outubro na súa parroquia. Daquela o **movemento socialista** terminou por acometer ataques á igrexa e por danar e ocupar propiedades privadas.


O mes de outubro foi o cumio da inestable situación política vivida na España de 1934. A entrada no **goberno dereitista** do *Partido Republicano Radical* de varios deputados da *Confederación Española de Derechas Autónomas* (CEDA), formación non republicana, levou a unha **folga xeral**, potenciada dende as esquerdas obreiras e socialistas. A protesta rematou cunha serie de **accións violentas** e sanguentas polo territorio estatal e, especialmente, en Asturias.

O documento do párroco fai unha forte **crítica**, como analizaremos despois, dirixida á figura do tudense **José Calvo Sotelo**, líder de *Renovación Española* e personaxe importante da dereita política nacional e ourensá durante as décadas de 1920 e 1930.

A súa figura foi chave na política da **ditadura de Primo de Rivera** (1923-1930). Foi ministro e un dos referentes do Directorio Civil (1925-1930), etapa do réxime autoritario na que se procuraba unha rexeneración do sistema político imperante até 1923; pretendíase redactar unha nova Constitución, que distaba en varios aspectos coa de 1876, vixente até o golpe de Estado de Primo de Rivera.

Segundo o crego de Larouco, as accións levadas a cabo polos socialistas e comunistas en outubro de 1934 foron permitidas pola dereita calvosotelista, á que consideraba culpable da chegada da República ao país polo seu apoio á ditadura, enfermidade mortal da monarquía de Afonso XIII.


Coa caída do ditador e do rei Afonso XIII, Calvo Sotelo saíu de España por medo a ser reprimido ou xulgado polas novas institucións republicanas; malia isto, mantivo a súa **influencia política** na provincia de Ourense durante toda a Segunda República.



1934, 10, outubro. Larouco (Ourense)
Carta de Manuel Uña Lafuente, párroco de Larouco, a Carlos Taboada Tundidor na que denuncia os abusos do alcalde socialista e critica a Renovación Española.
Papel, escritura mecanografiada; castelán; 19,6 x 21,5 cm.
AHPOu, Carlos Taboada Tundidor, C. 24112/05 (03).

José Calvo Sotelo

Nado o 6 de maio de 1893 en **Tui** (Pontevedra), José Calvo Sotelo foi un dos personaxes políticos máis relevantes da Segunda República. Fillo de xuíz e licenciado en **Dereito**, chegou á **avogacía do Estado** en 1916. En 1919, obtén a acta de deputado polo **Carballiño**, iniciando as súas influencias na vila e na provincia de Ourense. Nomeado **gobernador** civil en Valencia (1921-1922), o seu peso político comezou a fraguarse co inicio da ditadura de Primo de Rivera.



Diario de Sesións de Cortes, apéndice 6 ao nº 8. 21 de decembro de 1933. AHPOU, Carlos Taboada Tundidor, C 24111/31

Aliado das políticas rexeneracionistas que promulgaba o ditador, chegou a ser **ministro de Facenda** (1925-1930). Coa caída do réxime autoritario, en xaneiro de 1930, a monarquía afonsina procurou unha volta ao sistema bipartidista previo á ditadura, mais foi imposible ante as presións dos novos partidos. Isto levou á convocatoria de eleccións municipais do 12 de abril de 1931.

En marzo de 1930, Calvo Sotelo decidiu fundar **Unión Monárquica Nacional** (UMN), un partido político monárquico e de tendencia autoritaria. Foi a base política de **Renovación Española**, nada en 1933. Mais a vitoria republicana nas eleccións e a consiguiente caída do réxime monárquico levárono ao **exilio**. A pesar de a estar en Francia, a súa influencia en Ourense foi patente. Nas eleccións ás Cortes Constituíntes (xuño de 1931), obtivo o **escano** por esa provincia. A pesares disto, o réxime republicano non lle permitiu regresar ao país. Nas eleccións lexislativas de novembro de 1933 volveu a obter acta de deputado; esta vez

por partida dobre (Ourense e A Coruña), mais o seu **regreso** non se deu até maio de 1934, estando no goberno da República os partidos de dereitas republicanas.

A campaña de ataques contra o réxime republicano, iniciada dende o exilio, aumentou tras a súa chegada. Para as eleccións de febreiro de 1936 Calvo Sotelo conformou o **Bloque Nacional** (BN), contrarrevolucionario e monárquico, co fin de vencer as formacións esquerdistas da **Frente Popular**, algo que non conseguiu a nivel nacional. Os abusos das organizacións radicais adheridas á **Frente Popular**, nos meses seguintes ás eleccións, levaron o líder galego a radicalizar o seu discurso fronte ao réxime republicano.

O clima de tensión e de **violencia** tivo o seu cumio o 12 de xullo de 1936. José Castillo, tenente da **Garda de Asalto**, corpo de seguridade do Estado creado en 1932, foi asasinado por uns falanxistas. Como resposta, un grupo de gardas de asalto e militantes socialistas **asasinaron** a José Calvo Sotelo á noite seguinte. A súa morte foi o detonante do golpe militar do 18 de xullo, que levou o país á **guerra civil** e puxo fin á República.

A influencia calvosotelista

Coñecedor do **sistema caciquil**, creou unha forte rede de influencias por todo o territorio ourensán durante a Segunda República; co emprego de diversos mecanismos electorais ilegais, obtivo a maioría dos concellos e deputados das comarcas e vilas de Ourense. Os datos referidos ás **eleccións municipais** de abril de 1931 son claros: 13 dos 23 concelleiros da cidade de Ourense non eran republicanos, sendo a maioría deles de UMN. No resto da provincia, os calvosotelistas, xunto cos agrarios, gañaron por maioría absoluta, obtendo 481 concelleiros.

En 1932, a alianza con **José Sabucedo Morales**, conservador e seguidor de Gabino **Bugallal**, monárquico de corte antidemocrático, até a súa morte en 1932, permitiulle aumentar aínda máis as súas redes de influencia e a creación de **Renovación Española** (RE). Esta fortaleza do calvosotelismo viuse personificada nos tres escanos obtidos polo partido nas eleccións de novembro dese mesmo ano.

A aparición de **Acción Popular** en Ourense, organización adherida á CEDA, non reduciu o poder de RE; e a perda de apoios do **Partido Republicano Radical**, debido aos seus escándalos de corrupción a nivel nacional, beneficiou tamén o partido monárquico a partir de 1935. Nos comicios de febreiro de 1936, RE mantivo os seus tres escanos e Ourense foi a única provincia galega onde gañaron as dereitas e Calvo Sotelo tivo moito que ver nisto.

As críticas e as relacións de Carlos Taboada Tundidor con RE poden documentarse no AHPOU no fondo documental deste político que foi doado polos seus herdeiros en 2011.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arg.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA

Texto: Carlos Lozano González, D.L. OU 67/2006; ISSN 2659-3491